

Luns, 2 de marzo de 2020

Núm. 42

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANXENXO

Convocatorias Xuíz de Paz

CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XUÍZ/A SUBSTITUTO/A

ANUNCIO

CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XUÍZ/A DE PAZ SUBSTITUTO/A DO CONCELLO DE SANXENXO (EXPTE. NUM. 2020001287).

De conformidade coa resolución da alcaldía do día de hoxe, anúnciase convocatoria pública para a elección de xuíz/a de paz substituto/a deste concello polo período de 4 anos, para que no prazo de 15 días, contados dende a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, poidan presentarse as solicitudes no Rexistro de entrada de documentos no concello ou na súa sede electrónica (sede.sanxenxo.es) achegando a seguinte documentación:

- 1º) Certificación de nacemento, ou fotocopia cotexada do DNI.
- 2º) Certificado de penais.
- 3º) Declaración de non estar inculpado nin procesado, de conformidade co disposto no artigo 2, punto 1.a) da Lei 68/1980.
- 4º) Xustificación documental dos méritos que alegue o/a solicitante.

Os requisitos para tomar parte nesta convocatoria son os enumerados nos artigos 102, 302 e 303 da Lei orgánica do poder xudicial.

O cargo de xuíz/a de paz ou substituto/a será incompatible para o exercicio das actividades sinaladas no artigo 389 da Lei orgánica do poder xudicial, agás o exercicio de actividades profesionais e mercantís.

A Corporación Municipal en Pleno elixirá, por maioría absoluta, aos aspirantes que considere máis convenientes, e o nomeamento será realizado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza.

Sanxenxo, o alcalde, Telmo Martín González (sinatura dixital).

